

PUBLICACIÓN ACORDO TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Xunta de Goberno desta Entidade Local, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 26 de agosto de 2019 adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe:

4.- Subvencións. Concesións

4.2.- Subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2019.

Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do luns 20 de maio de 2019 foron aprobadas as "Bases xerais reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de proxectos de actividade deportiva durante o ano 2019".

Na mesma sesión foron aprobadas as " Bases específicas para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2019".

Posteriormente publicáronse no Bop da provincia de A Coruña nº 95, de 22 de maio de 2019, e no Bop da provincia de A Coruña nº 101, de 30 de maio o correspondente extracto, relativo á Base Nacional de Datos de Subvencións.

De acordo coa base 9 das Bases reguladoras Xerais, por decreto de alcaldía 1958/2019 de 17 de xullo, designáronse os membros da Comisión Avaliadora, que celebrou a súa xuntanza o día 19 de xullo de 2019, da que se emite acta e na cal se fomulou proposta de acordo provisional.

Vista a acta da xuntanza e a proposta de resolución provisional, a Alcaldía resolveu por decreto nº 1995/2019 de data 19/07/2019, entre outras, conceder provisionalmente as subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2019, e abrir un prazo de 10 días hábiles para que as entidades solicitantes comuniquen, ben o desestimento da solicitude, a reformulación ou o cambio de obxecto, ben para, de o estimar oportuno, presentaren alegacións.

Transcorrido o prazo non se recibiron alegacións polo que, vista a proposta do Concelleiro delegado de Deporte e Cultura, de 20/08/2019, no expte. 2019/A002/000008, en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 1661/2019 de 17/06/19 (BOP nº 117 de 21/06/2019, nº anuncio 2019/4892), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes (5), acorda:

Primeiro.- Conceder as subvencións dirixidas a entidades deportivas para o financiamento de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2019 ás entidades que se relaciona no anexo 1, polos importes que se indican, con cargo á aplicación 3410/48900 "Subvencións fomento deporte non nominativas" do Orzamento Municipal en vigor (RC220190005583), sendo o importe total proposto de 10.000,00 €.

Segundo.- Ordear a notificación ós interesados propostos como beneficiarios na forma prevista na Lei39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, para que no prazo de dez días comuniquen a aceptación ó Servizo de Fomento e Programas Deportivos, advertindo de que transcorrido o prazo sen terse producido a aceptación expresa, a subvención entenderase tácitamente aceptada.

Terceiro.- Ordear a publicación deste acordo no taboleiro de anuncios do concello de Carballo e na páxina web municipal <http://carballo.gal/deporte/portada.php>.

Cuarto.-No cumprimento do disposto no artigo 18.2 da Ley 38/2003, general de subvenciones, e demais normativa de desenvolvemento, o Concello de Carballo remitirá a Base de Datos Nacional de Subvenciones información sobre a concesión desta subvención ós respectivos beneficiarios.

Anexo1.- Subvencións concedidas para para o financiamento de organización de eventos deportivos e actividades deportivas de carácter extraordinario durante o ano 2019.

Puntuacións e Importes obtidos polas solicitudes de subvencións para o financiamento de proxectos de eventos deportivos durante o ano 2018							
Nº	Entidade Solicitante	CIF/NIF	Obxecto	Puntos	Importe Subvención	Coef. Fin.	Orzamento a Xustificar
1	Agrupación Deportiva Fogar	G15160773	III Nada e Corre Concello de Carballo	33,66	626,39 €	1,43	894,85 €
2	Asociación Deportiva Media Ducia	G70319405	Duatlon X de Nadal A.D. Mediaducia	44,99	976,85 €	2,00	1.953,70 €
3	Club Baloncesto ARTAI	G70226675	IV Memorial Loli Varela	46,03	999,42 €	2,00	1.998,84 €
4	Club Ciclista Carballo	G15208879	Trofeo Concello Carballo 2019	59,45	1.290,81 €	1,43	1.845,54 €
5	Club Ciclista Monteneme	G15861271	XVII Marcha Costa da Morte	65,03	1.411,96 €	3,29	4.650,05 €
6	Club de Xadrez O Toque Xiria	G70072582	III Torneo Xadrez Clásico Concello de Carballo	40,52	879,79 €	1,67	1.466,32 €
7	Judo Club Bergantiños	G70457411	Campionato de Judo do Nadal 2019	33,19	720,64 €	1,43	1.029,49 €
8	Salvamento y Socorrismo Carballo	G15171911	Memorial Carlos Servando 2019	42,32	918,88 €	1,47	1.354,14 €
9	Salvamento y Socorrismo Carballo	G15171911	XXVII Campionato de España de CCAA	30,87	670,26 €	1,48	993,20 €
10	Sociedade Deportiva Sofán	G15603376	Torneo Fútbol Base SD Sofán 19	77,31	1.505,00 €	2,86	4.300,00 €
Total					10.000,00 €		

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.
Secretaria accidental
Susana Mariño Lorenzo